

PROPOSTA DA ADMINISTRACIÓN PARA A APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO ACORDO DE CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO SPIF AO PERSOAL FIXO DESCONTINUO

A presente proposta ten por finalidade servir de documento base para a análise e negociación da aplicación da disposición adicional primeira do Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario do SPIF ao persoal fixo discontinuo adscrito ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Primeiro. Obxecto.

A Administración considera oportuno avanzar na adaptación das condicións específicas de traballo do persoal fixo discontinuo do SPIF, iniciando este proceso mediante a implantación dun sistema de compensación económica pola prestación efectiva de servizos en domingos e festivos.

Segundo. Compensación por traballo en domingos e festivos.

Propónse a aplicación ao persoal fixo discontinuo do SPIF do sistema de compensación económica por traballo en domingos e festivos previsto no punto 6 do Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario do SPIF.

As contías de referencia serán as seguintes por cada grupo de dous domingos e/ou festivos efectivamente traballados :

- 220 euros para o persoal do grupo I, categoría 38, Técnico/a superior de incendios
- 200 euros para o persoal do grupo II, categoría 39
- 180 euros para o persoal do grupo III, categoría 100
- 160 euros para o persoal do grupo VI, categorías 33 e 41
- 140 euros para o persoal do grupo V, categorías 10B, 10C, 14 e 14A

As contías propostas resultan da adaptación das compensacións previstas no acordo do persoal funcionario do SPIF ás categorías profesionais do persoal laboral fixo discontinuo

Terceiro. Implantación progresiva.

Propónse a implantación progresiva das citadas contías conforme ao seguinte calendario:



- Ano 2026, con efectos do 1 de xullo: 50% do importe
- Ano 2027: 75% do citado importe
- Ano 2028: 100% do citado importe

As anteriores contías corresponden á compensación por cada grupo de dous domingos e/ou festivos efectivamente traballados.

Cuarto. Outras condicións de traballo.

A presente proposta céntrase exclusivamente na adaptación do sistema de compensación económica por traballo en domingos e festivos para o persoal laboral fixo discontinuo do SPIF.

As restantes materias reguladas no Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario do SPIF, incluídas as relativas a xornada, quendas, descansos, vacacións, servizos máximos e organización do traballo, serán analizadas no marco da revisión do acordo do SPIF.

Quinto. Proceso de negociación e revisión do marco regulador.

A presente proposta constitúe un documento base destinado a facilitar os traballos preparatorios e a presentación de observacións e achegas por parte das organizacións sindicais.

Sexto. Tramitación.

A aplicación efectiva das medidas que, se é o caso, resulten acordadas quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ás autorizacións que resulten preceptivas en materia de emprego público e orzamentos .

A presente proposta ten carácter exclusivamente negociador e remítese ás organizacións sindicais para a súa análise e para a formulación das observacións que consideren oportunas.